

# 8 MARZO

## FOLGA ESTUDANTIL FEMINISTA

# SEGUEN A MATARNOS E VIOLARNOS



**O capitalismo é violencia contra as mulleres**

**MANIFESTACIÓNS 12h**

**CORUÑA: Obelisco · VIGO: Farola Urzáiz**

**FERROL: Edificio Xunta**



Decembro de 2022 será lembrado por ser o mes con maior número de asasinatos machistas dende que comezaron os rexistros oficiais en 2003. Un ano que remata con dous menores e 49 mulleres asasinadas polas súas parellas, exparellas ou proxenitores.

En case a metade destes casos constaban denuncias previas e en cinco deles había supostas medidas de protección que non evitaron os crimes. É insoportable. **Seguen a matarnos e aquí non cambia nada.** A cousa sería moi distinta se as vítimas, en lugar de mulleres, fosen bispos, banqueiros, políticos ou xuíces.

Vivimos un aumento dramático da violencia contra nós **permitido e amparado por un aparato do Estado e unha xudicatura machista** e clasista que queren demostrarnos quen manda aquí. A ofensiva reaccionaria contra a lei do *Só Si é Si* é un exemplo de que nos declararon a guerra. Estes dereitistas con toga, coma os dirixentes de Vox e do PP, protexen a violadores con sentenzas infames, obrigan a entregar os nosos fillos a maltratadores, axitan contra o dereito ao aborto e diseminan a súa homofobia e transfobia sen límite.

### **O problema é o sistema. 8M Folga Estudantil Feminista**

Estamos fartas de que, a pesar das leis e das declaracións do Goberno estatal do PSOE-UP, **a violencia contra as mulleres non cese.** Pode parecer contradictorio que esta escalada de asasinatos se produza cando máis leis feministas se están a tramitar. Pero non o é. Para acabar co machismo non abonda con denunciar a súa existencia ou simplemente modificar a lexislación. **Hai que ir á raíz do problema,** a opresión económica, ideolóxica e de xénero que provoca o capitalismo, e enfrontarse á extrema dereita, á Igrexa católica e aos franquistas que infestan as institucións. **Loitar contra a violencia machista pasa por mobilizar os inxentes recursos económicos que existen** (e que están nos petos dos grandes capitalistas, empresarios e proxenetes) e poñelos ao servizo das necesidades sociais que existen e das máis oprimidas: as mulleres da clase traballadora.

**O capitalismo é violencia sistémica contra as mulleres,** contra as traballadoras e a mocidade. Mais non imos permitir que este sistema nos esmague.

Dende Libres e Combativas e o Sindicato de Estudantes chamamos a **baleirar as aulas na folga estudantil feminista deste 8 de marzo** e a encher as rúas nas **manifestacións das 12h.** Non daremos nin un paso atrás ata conseguir que a consigna *nin unha menos!* se faga realidade. A loita fainos libres.

**Afiliate e constrúe connosco o feminismo revolucionario!**